

MARÉ

PREMIO Vázquez Pintor recibirá a 'Letra E' dos escritores galegos

Para un "gran poeta e narrador"

A Asociación Sociopedagóxica Galega será recoñecida co 'Bos e Xenerosos'

maré • Santiago

A Asociación Sociopedagóxica Galega, a Mostra de Teatro de Ribadavia, a escritora cubana Nancy Morejón e o autor melidense Xosé Vázquez Pintor serán os protagonistas dos premios que concede a Asociación de Escritores en Lingua Galega (Aelg) que celebrou onte a súa asemblea xeral de socios no Museo do Pobo Galego de Compostela.


Segundo informou o presidente da Aelg, Cesáreo Sánchez, ademais da visita do escritor nado en Bruxelas, Jean Philippe Toussaint, entre o 6 e o 9 de febreiro, co que arrinca o proxecto Escritores en Compostela, en marzo, as actividades arrincarán cunha xornada virtual adicada ao escritor Manuel Curros Enríquez. E malia que nos vindeiros días comezará o ciclo de votacións para elixir aos premiados da Aelg, onte xa se deron a coñecer algúns dos homenaxeados deste ano.

Entre eles, a Asociación Sociope-

dagóxica Galega (AS-PG) recibirá o Premio Bos e Xenerosos pola súa traxectoria de "máis de 25 anos na defensa do ensino en galego".

A escritora cubana Nancy Morejón será distinguida este ano na tradicional Cea das Letras, co galardón de 'Escritor Galego Universal' á que destacan como "dinamizadora cultural, estudiosa da literatura afrocubana e defensora infatigable dos dereitos da muller", que ten realizado ensaios sobre a mestizaxe na literatura. Nesta mesma velada, a AELG homenaxeará a Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia polas súas "importantes achegas á existencia dun teatro galego".

Os escritores galegos entregaranlle ademais a 'Letra E' ao escritor Xosé Vázquez Pintor nun acto que se celebrará na súa terra natal, Melide, o 7 de xuño. Dentro deste acto, plantarase unha árbore simbólica elixida polo autor e inaugurarase un monolito conmemorativo ou dun espazo público co seu nome. De Vázquez Pintor salientan os seus colegas non só o feito de ser "gran poeta e narrador", senón tamén unha traxectoria "longa e consolidada" con "importantes froitos". Nado en 1946, o escritor exerce como profesor de Ensino Medio en Pontevedra e desenvolve a súa actividade cultural en diferentes eidos.



Vázquez Pintor arriba pola dereita con Fernán-Vello e Nancy Morejón, abaixo

DATOS

As renovacións, en 2009

A Aelg elixe cada dous anos as renovacións do seu consello directivo no que Cesáreo Sánchez ocupa a súa presidencia, Antía Otero a vicepresidencia, Mercedes Queixas a súa secretaria xeral e Marta Dacosta a Tesourería. Haberá que agardar até 2009 para saber se a asociación se renova.

Como poeta, ten publicado *Gándaras ou Terra e pan*, *O despertar tamén é noso*, de narrativa, asinou as obras *De ida e volta* ou *Lume de biqueira* e cultivou o teatro con *A fraga encantada* ou *Teatro do patacón*. Segundo informou Cesáreo Sánchez, terán continuidade outras actividades, como 'Escritores na universidade', ou o Encontro de Escritores, que terá lugar entre o 18 e o 19 de xullo na Coruña. En setembro celebrarase o congreso de escritores novos 'Entre dous séculos' e en outubro, Lugo acollerá a primeira xornada sobre literatura oral. ●